

2019  
convocatoria

Bioloxía e CC. da Saúde

Ciencias Técnicas

Química e Xeoloxía

CC. Económicas e Sociais

Matemáticas, Física e CC. da Computación



# Medallas de Investigación da REAL ACADEMIA GALEGA DE **CIENCIAS**



**RAGC** / REAL ACADEMIA  
GALEGA DE **CIENCIAS**

Un dos principais obxectivos da Real Academia Galega de **Ciencias** (RAGC) é a promoción da Ciencia e a Tecnoloxía en Galicia, tratando de transmitir á sociedade o aprecio polos valores científicos. Para recoñecer publicamente as traxectorias senlleiras na ciencia e a tecnoloxía galegas, a RAGC convoca as **“Medallas de investigación da Real Academia Galega de Ciencias”** identificadas con científicas ou científicos de gran relevancia, fundadores da RAGC ou elixidos como “Científicos do ano”.

## BASES

1. Convócanse as **“Medallas de investigación da Real Academia Galega de Ciencias”** para recoñecer a traxectoria dos científicos e das científicas en activo, con actividade consolidada, desenvolvida maioritariamente en Galicia.
2. Outorgaranse **5 medallas á investigación**, unha por cada unha das 5 Seccións da RAGC.
  - Medalla **“Ánxeles Alvariño González”**, no ámbito de **Bioloxía e CC. da Saúde**
  - Medalla **“Enrique Vidal Abascal”**, no ámbito de **Matemáticas, Física e CC. da Computación**
  - Medalla **“Domingo García-Sabell Rivas”**, no ámbito das **CC. Económicas e Sociais**
  - Medalla **“Antonio Casares Rodríguez”**, no ámbito de **Química e Xeoloxía**
  - Medalla **“Isidro Parga Pondal”**, no ámbito das **Ciencias Técnicas**
3. As propostas poden ser efectuadas por departamentos, institutos ou centros de investigación das universidades galegas ou do CSIC (en Galicia). Cada unidade poderá propoñer un científico ou científica para cada sección en cada convocatoria anual. Unha mesma candidatura pode ser presentada conxuntamente por máis dunha entidade. En caso de non haber propostas, as seccións da Academia poderán propoñer candidatos.
4. Na proposta incluírase un documento de ata 2 páxinas onde se describa a traxectoria investigadora, salientando os principais logros obtidos en investigación e na transferencia dos seus resultados á sociedade, destacando o impacto en Galicia e internacional, así como un CVA (incluíndo o referencia de ORCID) da candidata ou candidato.
5. O prazo da convocatoria comprende dende 1 de xullo ata o 15 de setembro. Remítiranse á RAGC por correo electrónico á dirección: [ragciencias@ragc.gal](mailto:ragciencias@ragc.gal), indicando no tema: “Medallas de investigación da RAGC”.
6. Cada una das Seccións da RAGC seleccionará ata 3 candidatas ou candidatos, correspondendo a elección final á Xunta de Goberno, con carácter inapelable. Poderá declararse deserto en calquera das seccións, pero non poderá ser compartido.
7. As premiadas e os premiados recibirán sendas medallas que serán entregadas nun acto público a celebrar o 8 de outubro, Día da Ciencia en Galicia.